



INSTRUCCIÓN SOBRE O ORZAMENTO DE 2013

A normativa vixente sobre estabilidade orzamentaria no sector público e a falta dunha cuantificación definitiva do Plan de Financiamento do Sistema Universitario de Galicia (2011-2015), ata a aprobación dos orzamentos para 2013 da Comunidade Autónoma de Galicia, determinan a necesidade de adoptar, en cumprimento do disposto na disposición adicional 1ª das bases de execución do orzamento para 2013, as seguintes instrucións:


1ª.- A clasificación orgánica (centros de gasto) das aplicacións orzamentarias para o exercicio de 2013, son as que inicialmente figuran no anexo da *Resolución reitoral do 02/01/2013, sobre a xestión de créditos e modificacións orzamentarias*.

2ª.- Con cargo ao crédito de cada aplicación orzamentaria **só poderán adquirirse compromisos que non superen o 40% do crédito inicial**. Este límite non estará vixente para os expedientes de contratos laborais, contratos administrativos e convocatorias de bolsas con pagamentos periódicos, que poderán comprometer o crédito total do compromiso mediante o documento contable AD ou D. Esta limitación estará vixente ata a publicación dunha nova instrución que deixe sen efecto a presente.

3ª.- A vicerreitora de Planificación Económica e Infraestrutura e o xerente poderán conxuntamente, previa solicitude debidamente xustificada, autorizar a tramitación de compromisos económicos que superen o devandito límite.

A Coruña, 21 de xaneiro de 2013

A vicerreitora de Planificación
Económica e Infraestrutura



Amalia Blanco Louro

O xerente

Juan M. Díaz Villoslada